

BASES DO CONCURSO DE **MICRORRELATOS ENCADEADOS**

OBXECTO

- O **CONCURSO DE MICRORRELATOS ENCADEADOS** do IES N°1 ten como obxectivo descubrir o talento literario e espertar a imaxinación do noso alumnado e profesorado.
- Poderá tomar parte no concurso todo o alumnado matriculado no actual curso escolar e calquera profesor/a ou PAS do noso centro.
- Establécense catro **categorías** de premios por niveis:
 - 1ª categoría: 1º e 2º da ESO
 - 2ª categoría: 3º e 4º da ESO e Bacharelato (diúrno).
 - 3ª categoría: ESA e Bacharelato de adultos.
 - 4ª categoría: profesorado e PAS.
- O concurso convócase baixo a modalidade de concurso de méritos no que o/a gañador/a mensual recibirá como **premio** un vale que se poderá canxear en librarías da nosa contorna: Arigato (Ribeira), Ler (Pobra), Máster (Ribeira), Nobel (Ribeira).

	1ª, 2ª e 3ª CATEGORÍAS	PROFESORADO
MENSUAL	VALE POR VALOR DE 50 €	AGASALLO SORPRESA!

- O concurso **comezará na primeira semana febreiro** de 2024.

REQUISITOS

- O *Equipazo da Biblioteca* propón unha frase que os participantes deberán continuar a modo de microrrelato. A frase deberá ser unha das dúas seguintes: “Menos mal que non levaba enriba a navalla” ou “A miña nai ía de compras co dicionario”.
- **A frase final do microrrelato gañador de cada mes servirá como frase de inicio para os microrrelatos que se envíen o seguinte mes**, a cal será comunicada convenientemente polos organizadores do concurso a través do taboleiro da Biblioteca, do se blog ou a súa conta de Instagram.
- A **extensión** dos textos non poderá exceder as **150 palabras** (sen incluír a frase de inicio).
- O microrrelato deberá presentarse escrito en **castelán ou galego**, deberá ser orixinal e inédito (isto é, non estar publicado previamente en ningún medio ou soporte) e non poderá recibir previamente ningún premio ou accésit noutro certame ou concurso nacional e/ou internacional.

- Os traballos serán presentados impresos a **dobre espazo, en fonte Arial tamaño 12 e asinados con pseudónimo**.

- Cada traballo entregárase nun sobre pechado. No **exterior** do sobre escribíranse os seguintes datos:

- Concurso microrrelatos encadeados.

- Título do texto.

- Pseudónimo.

- Curso do/a autor/a.

Non seu **interior** incluírase outro sobre pechado onde se presentarán os seguintes datos:

- Pseudónimo.

- Nome e apelidos do/a autor/a.

- Título do texto.

- O **prazo** para enviar os microrrelatos será a **1ª semana de cada mes** do concurso (días 1 a 7). Os traballos entregáranse **na biblioteca**.

- Os/as autores/as poderán presentar cantos microrrelatos desexen.

- O/a gañador/a mensual será elixido/a por un xurado determinado polo *Equipazo da Biblioteca*.

CUESTIÓNS XERAIS

- Todas as decisións do xurado serán tomadas nunha única votación por maioría de votos. O xurado reserva para si o dereito de non admitir a concurso aqueles microrrelatos que, entre outros, atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros, ou que conteñan connotacións racistas, sexistas e/o discriminatorias, comentarios difamatorios ou calquera outro que atente contra a dignidade de terceiros.

- A decisión do xurado será irrevogable e pode declarar o premio deserto se, tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, ningún tivese a calidade suficiente.

- Os orixinais quedarán a disposición da Biblioteca do IES N°1, de xeito que os/as participantes aceptan que o seu relato sexa publicado en calquera dous medios que o Equipazo da Biblioteca considere oportuno.

ACEPTACIÓN DAS BASES

Os/as participantes aceptan expresamente cumprir todas e cada unha das bases do presente concurso. O incumprimento dalgunha das bases dará lugar á exclusión do/a participante do presente concurso.